

# ACTIVIDADES PARA OS ALUMNO/AS DE 3º DE PRIMARIA

Ola familias,

Aquí vos envío as actividades de repaso que tiñamos pensado facer durante esta semana. Non hai ningún contido novo a excepción da Unidade 4 de Ciencias Naturais da que vos falo máis adiante.

Seguimos escribindo o diario en castelán e continuamos coa lectura, preferiblemente en galego. Poderíamos aproveitar este tempo "extra" na casa para aumentar os minutos diarios (máis de 20).

Vós seredes os que decidiredes como repartir as tarefas por días e horas. Ninguén mellor ca vós mesmos para organizarse nestes días, según a situación familiar, cansancio ou estado de ánimo de todos. De todas formas, creo que sería unha boa idea que cada día traballaran un pouco as materias principais, Matemáticas e as dúas Linguas.

**A SEMANA QUE VEN MANDAREIVOS MÁIS. SE TEDES ALGUNHA DÚBIDA MANDARME MENSAXES POLO ABALAR.**

**GRACIÑAS, ÁNIMO E MOITA PACIENCIA**

## **Matemáticas**

Fágovos unha lista cos contidos que estabamos a practicar, de todas formas, podedes coller os repazos semanais que fixemos estas dúas semanas e cambiar simplemente os números ou que volvan a facer os exercicios da libreta.

- Operacións de :
  - Suma (números naturais e decimais)
  - Resta (números " " )
  - Multiplicación (números " " )
  - División (só números naturais)
- Ler, escribir, compoñer e descompoñer números.
- Series ascendentes e descendentes.
- Aproximar ás decenas, centenas e unidades de millar.
- Doble, triple e metade dun número.
- Números decimais.
- Medidas de lonxitude. (páx. 160 ex. 1, 2, 3, 4, 5 )

- As horas. (páx.137 ex. 31, 32, 33, 34, 35)
- Os euros. (páx. 141 ex.1, 2 / páx. 139 ex. 13, 14, 15)
- Táboas de multiplicar ata o 12.
- Resolución de problemas cos pasos que sempre seguimos (datos, debuxo, operación e solución) (páx. 84 ex. 9, 10, 11, 12, 13,14)

## Lingua Castelá

Seguir co **diario**, prestando atención á redacción, a caligrafía e a ortografía. Teñen que ter en conta os erros máis comúns para non repetilos continuamente (pegado na última folla).

Nas ligazóns de interese da páxina web do centro, na icona de **LENGUA**, tedes un enlace cunha páxina de actividades de comprensión lectora, pódense descargar e imprimir o simplemente escribir as respostas nun folio. Tamén, podemos aproveitar e buscar as diferentes **categorías gramaticais** nalgún parágrafo, como facemos sempre (substantivos, artigos, verbos e adxectivos) e por último, facer un **resumo** da historia.

Tamén teñen o **PAI** (Proxecto da Activación da Intelixencia) que lles encanta, poden facer unha páxina ó día, por exemplo.

## Lingua Galega

Levaron o libro "**O xenio da botella de gasosa**" e o caderno, poden seguir as actividades onde as deixamos. Poden facer un **resumo** dalgún capítulo e buscar as diferentes **categorías gramaticais** nalgún parágrafo.

Xa que non podemos saír da casa, poden aproveitar para escoitar máis galego para ver os debuxos animados na TVG2.

## Ciencias Naturais

### **Unidade 4, "A materia e os materiais".**

Soamente explicamos as **páxinas 60 e 61**. O máis importante desta parte son os conceptos de:

- **masa e volume**
- e saber diferenciar unha **substancia pura** dunha **mestura** e dentro desta última, diferenciar unha mestura **homoxénea** dunha **heteroxénea**. Podedes poñerlle exemplos coa comida que tomamos diariamente, por exemplo: un ColaCao con leite, iogur con azucre (homoxénea), unha ensalada, macedonia (heteroxénea).

Se tedes unha báscula na casa, podedes facer o experimento da páxina 60 (evitar facelo coa mascota, por se acaso) e os exercicios 2, 3 e 4 da páxina 61.

Aconséllvos que consultedes os **videos "Mezclas y separaciones" e "Mezclas homogéneas e heterogéneas"** no apartado de Ligazóns de interese da páxina web do centro.

**\* Esta parte da materia, de aquí en adiante, está sen explicar, polo que vos recomendo que a leades con calma as veces que necesitedes e que intentedes facer os experimentos e as actividades, xa que son bastante entretidos. Recordo que non se evaluará esta parte ata que non se explique na aula debidamente e resolvamos todas as dúbidas.**

### **Páxinas 62 e 63.**

Os estados da materia e os cambio de estado, por suposto, é o máis importante. Van a estar encantados se facedes con eles os típicos experimentos dos cambios da materia coa auga:

- poñer uns cubiños de xeo nun prato e observar ó longo da mañá como se derriten (Fusión)
- encher unha cubitera de auga, metela no conxelador e sacala despois dunhas horas par comprobar o paso ao estado sólido (Solidificación)
- o fervemos auga e vemos como se evapora (Vaporización)
- e no experimento anterior se poñemos unha tapa vemos como se forman gotas de auga na súa superficie (Condensación) ou tamén nos cristais da ducha.

Na **páxina 68** hai un experimento interesante que podedes facer se vos apetece. Tamén hai dous **videos** sobre os cambios da materia na páxina web.

### **Páxinas 64 e 65.**

Neste apartado falamos dos **tipos de materiais**:

- **naturais**, que clasificamos á súa vez pola súa orixe (animal, vexetal ou mineral)
- **artificiais**

E tamén comentamos as súas **propiedades** (transparencia, impermeabilidade, resistencia, elasticidade e condución de calor)

Podedes visionar o **video "La materia y sus propiedades"**.

### **Páxinas 66 e 67.**

Neste último apartado da unidade, falamos da gran importancia do **Uso adecuado e responsable dos materiais** e a **Regra dos tres R (Reducir, Reutilizar e Reciclar)**

Tamén atoparedes **videos** a vosa disposición na páxina web do centro **"Reducir, reutilizar y Reciclar"**

## Ciencias Sociais

Temos o control da **Unidade 4 "Xuntos vivimos mellor"**, pendente. Aconsello que vaian repasando o que fixemos para que non se esquezan do aprendido. De todas formas, cando a administración nos avise da volta á normalidade, avisareivos con tempo, para que repasen esta unidade para poder facer o control aprazado.

## Inglés

Estudar a ficha completa da batería de preguntas e respostas. Se dera tempo, repasar:

- a ficha do verbo To Be
- os números ata o 100

e vocabulario básico:

- cores
- días da semana
- meses do ano
- estacións

## Música



<b>Ficha de repaso</b>	Adxunto unha <u>ficha de repaso</u> das notas: <u>sol-mi-la</u>
<b>Canción</b> que estamos traballando na aula	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=jWORBfTBf24">https://www.youtube.com/watch?v=jWORBfTBf24</a> . Libro Cd. A Voar Cé Pantasma
Actividades variadas sobre <b>instrumentos musicais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <a href="https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1327426825/contido/xmusical/xogom.html">https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1327426825/contido/xmusical/xogom.html</a></li><li>• <a href="https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1285577191/contido/index.html">https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1285577191/contido/index.html</a></li></ul>
Actividades variadas sobre <b>linguaxe musical</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <a href="https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1495628733/contido/index.html">https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1495628733/contido/index.html</a></li><li>• <a href="https://aprendomusica.com/">https://aprendomusica.com/</a></li></ul>

**Aproveitade para escoitar boa música!!!**

## Plástica

Entre todos faremos unha actividade de "Búsqueda de alternativas", traballando a reciclaxe.

Consiste en facer cun:

- Rolo de papel hixiénico
- Cun CD vello
- e cun vaso de iogur

un animal, con cada cousa.

Exemplos:

